

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 11 DE
FEBREIRO DE 2010**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás trece horas e trinta minutos do día once de febreiro de dous mil dez, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, dona M^a Ángeles Míguez Mouzo e don José Francisco Parceros Rial, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; don Manuel Marante Gómez, do PG (GM); e dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita.

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona Verónica María Otero López, como secretaria accidental da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Modificación, se procede, do acordo de aprobación dos investimentos a incluír no Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local creado por Real Decreto-Lei 13/2009, de 26 de outubro, adoptado polo pleno da corporación o día 2 de febreiro de 2010

Vista a proposta de Alcaldía de data 8 de febreiro de 2010.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Medio Ambiente, Obras e Servizos no día de hoxe.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG), e a concelleira non adscrita, e abstéñense os sete concelleiros do PP.

A corporación, por catorce votos a prol, acordou:

Primeiro: Modificar o apartado primeiro do acordo adoptado polo Pleno do Concello de Cambre coa data do 2 de febreiro de 2010, relativo á aprobación dos investimentos a incluír no Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local, substituíndo os datos correspondentes ao servizo denominado “Modernización de sistemas de xestión, programas de xestión de facturación” polos seguintes:

Denominación do servizo	Proxecto sen IVE	16 % IVE	TOTAL investimento
Modernización de sistemas de xestión, programas de xestión de facturación	25.281,53 euros	4.045,04 euros	29.326,57 euros

Segundo: Aprobar a memoria explicativa modificada correspondente ao referido servizo, e que contén os datos esixidos no punto terceiro da Resolución do 2 de novembro de 2009 da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, e que se achega como anexo ao presente acordo.

Terceiro: Presentar novamente a solicitude de inclusión deste servizo, co seu importe modificado total de 29.326,57 euros, dentro do Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local aprobado por RD-Lei 13/2009 do 26 de outubro, segundo se establece no seu artigo 12 e nos puntos terceiro e cuarto da Resolución do 2 de novembro de 2009.

2º Aprobación, se procede, da conta xeral do exercicio 2008

Visto o expediente incoado no seu día.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Especial de Contas de data 28 de decembro de 2009.

Vista a proposta de Alcaldía de data 4 de febreiro de 2010.

Toma a palabra o Sr. alcalde para explicar que este asunto estivo en exposición pública, pasou o prazo, non houbo alegacións, e agora o que se propón é a aprobación da conta xeral para remitila ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo xa dixo na comisión que ían votar en contra, non en contra de que se

aprobe a conta xeral, senón en contra da forma en que se fai a política en Cambre, que é o que recolle esta conta. Di que eles non están a prol de que algo que tiña que estar aprobado antes do 1 de outubro se estea aprobando hoxe, non están de acordo en que, como adoita ocorrer todos os anos, do orzamento só se execute o 65%, e poderían dicir bastantes máis cousas, pero isto é o que hai, e simplemente queren recordar ao Sr. alcalde que nos numerosos informes de reparo da interventora, a gran maioría deles acaban dicindo que co fin de evitar estes feitos no futuro, se recomenda que o órgano de contratación adopte as prevencións necesarias para respectar o procedemento mínimo establecido nos contratos menores. Está dicindo que teñen que facer algo para respectar o procedemento mínimo, e el pensa que iso resume bastante ben o que pasa en Cambre, non se respectan nin os procedementos mínimos, polo tanto, o seu voto é en contra.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, explica que o seu grupo xa o manifestou na Comisión Especial de Contas, e xa anticiparon a súa valoración negativa, sobre todo tendo en conta os datos de reparos manifestados pola Intervención, así constan en acta, como son, por poñer algún exemplo, os seguros do concello, a subministración do gasoil, o tema do saneamento e a auga. Baseándose niso o seu voto vai ser en contra.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez di que el se remite tamén á comisión informativa, e o seu voto tamén vai ser en contra, fundamentalmente non en contra do informe, senón en contra da forma de facer as cousas por parte do goberno municipal, e polo tanto, vai manter o seu voto en contra.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que o trámite que teñen que cumprir hoxe é un trámite importante, porque o que permite é que a fiscalización das contas municipais se faga polo organismo público que está especializado. Trátase de que a contabilidade do ano 2008 do Concello de Cambre vaia a ser fiscalizada polo organismo auditor público que ten encomendada pola lei esa misión. Trátase dun organismo, o Consello de Contas, que ademais de estar formado por funcionarios de carreira do máximo nivel, teñen representación os grupos políticos do Parlamento Galego, e polo tanto, hai un control tamén sobre o seu traballo por parte doutras institucións públicas, doutros órganos, como é neste caso o Parlamento Galego.

Di que o que votan, en todo caso, non é o modelo de xestión das contas, ou a maneira en que se fixo, senón que a conta está rendida para ser fiscalizada. O propio concello fixo unha primeira fiscalización na comisión informativa, como figura recollido nas actas e cada un dixo o que quixo, e permaneceu exposta ao público durante quince días e ninguén, absolutamente ninguén, nin de fóra desta institución, nin de dentro desta institución, presentou ningún motivo, ningunha alegación que tivera que ser hoxe tida en conta. Polo

tanto, cumpridos os trámites, el cre que é de responsabilidade que, sobre todo por quen estivo insistentemente falando de que era necesario que houbera unha auditoría das contas de Cambre, neste momento permita que co seu voto vaia ao organismo auditor por excelencia, organismo público, non organismo privado ao que se lle contrata, senón un organismo público para cumprir con esa misión.

Di que el pensa que iso é o fundamental, sen entrar no fondo de como foi a xestión. É unha posición na que se manteñen e que lles parece importante, e parécelles francamente irrelevante que nunha cuestión tan importante como esta se poida producir un atraso de apenas dous meses ou mes e medio na súa presentación definitiva ante ese organismo.

Continúa dicindo que ademais é importante por unha cuestión que todos deberían valorar, en todo caso cada quen na súa responsabilidade, que tome as decisións que crea oportunas, pero non presentar a conta xeral ante o Consello de Contas podería chegar a implicar que a Xunta de Galicia lles retirara ou non lles concedera subvencións públicas ao Concello de Cambre, precisamente por non ter cumprido con ese trámite.

Di que cre que son dúas razóns importantes, a primeira, que é a fundamental, é que o Consello de Contas é o máximo organismo auditor, e con este trámite eles deberían de favorecer que iso se leve alí, para que poidan estudar minuciosamente todos e cada un dos números do 2008. En segundo lugar, que poderían chegar a correr o risco de perder transferencias de diñeiro da Xunta de Galicia para actividades ou investimentos que son moi necesarias.

Conclúe dicindo que por eses motivos o BNG vai votar a prol.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que el a explicación do compañeiro do BNG non a vai tomar como un reproche, porque cada un é moi libre de votar o que considere oportuno. El está de acordo en que isto é para enviar o estado das contas ao Consello Consultivo da Xunta de Galicia, niso están de acordo, pero non poden estar de acordo en como se fixeron as contas neste concello, nin como se procedeu en moitísimas cousas. Estas cuestións veñen sendo motivo do que vén ocorrendo neste concello a través do tempo, ao longo dos anteriores anos.

Continúa dicindo que, en calquera caso, agora mesmo as anteriores contas do Concello de Cambre están suxeitas a unha investigación por parte da Fiscalía, e neste caso eles van deixar que investigue a Fiscalía. Di que tamén teñen claro que esas contas van ser auditadas e investigadas exactamente igual, aínda que o voto do seu grupo agora sexa negativo.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que quere facer unha pequena mención á auditoría. Di que cando o PP considera oportuno presentar alegacións as presenta, se considera oportuno non facelo non o fai, se considera oportuno solicitar unha auditoría o fai, e, dende logo, cando o PP governe Cambre, vai facer a auditoría.

Continúa dicindo que hoxe están falando das contas, son un lote de follas cunha morea de informes onde a interventora lle está dicindo ao goberno local o que el lles dixo fai un momento. Pola contra, despois de escoitar ao Sr. Iglesias dá a sensación de que lle teñen que estar agradecidos por aprobar as contas e mandalas ao Consello de Contas. Dilles que esa é a súa obriga, e que o menos que poden facer é envialas, xa o fan con atraso, parecen os xogadores brasileiros cando veñen a España, cobran unha gran cantidade de ingresos e por riba hai que querelos. Dilles que non é así, que a súa obriga é facer isto, e que o están facendo con atraso, esa é a realidade.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que a el lle parece ben que se diga que o feito de que non se aprobe isto poida afectar a subvencións da Xunta a prol dos veciños de Cambre. Dilles que para evitar que poida pasar iso o que haberá que facer son as cousas ben, e se as cousas se fan ben dende un principio, el pensa que todos votarían a prol.

Continúa dicindo que o que pasa é que sempre están coa desculpa de que se non votan a prol non lles van dar isto ou aquilo, e sempre sacan as cousas facéndoas mal, facéndoas a última hora. Di que non se refire só a isto, que se refire en xeral, que sempre están na mesma, dicindo que se votan en contra vai ser prexudicial para os veciños de Cambre, pregunta se entón van ter que estar a favor de que se fagan mal as cousas.

Conclúe dicindo que é hora de que o goberno municipal se vaia dando conta de que as cousas hai que facelas doutra maneira, hai que facelas ben, e facéndoas ben el cre que todos están de acordo en que queren o mellor para os veciños de Cambre.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que aquí non están discutindo de todo o universo, están discutindo da presentación da conta xeral do ano 2008, de que se presente a conta xeral do 2008, é do que se está falando. Efectivamente, hai un pequeno atraso, pero absolutamente irrelevante, porque gustaríalle saber, dos 315 concellos de Galicia, cantos son os que presentan ou teñen aprobado antes do 1 de outubro a conta xeral. Di que, máis ou menos, irán facéndoo practicamente todos entre esa data e a data de hoxe, incluso cre que hai algúns que non o fan.

Continúa dicindo que do que están falando é de que se presenta a conta xeral para mandar ao Consello de Contas, non están falando doutra cousa, non están falando de como foi a xestión económica en canto ás decisións que se tomaron, en canto á súa orientación, senón

de que a conta xeral está feita, está todo recollido para mandarla, por obrigación legal, por imperativo legal, ao organismo que ten que auditala. A lei marca quen é quen ten que auditar as contas, e iso é o que están facendo, e precisamente porque o están facendo, as cousas estanse facendo razoablemente ben, iso é o que están valorando, nada máis.

Conclúe dicindo que, evidentemente, cada grupo político é responsable e ten toda a lexitimidade para votar o que queira, e supón que a el tamén lle concederán, como voceiro do grupo político que representa, a lexitimidade para dicir as cousas que di, que sempre as di co máximo respecto. Cre que antes xa dixo que lle parecía perfecta a opinión que poidan ter os demais, agora ben, el ten a súa e polo menos ten a mesma respetabilidade e lexitimidade que a dos demais, logo que cada quen defenda a súa.

Concedida a palabra a dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, manifesta que o seu voto vai ser a prol da proposta, xa que nesa data ela era a responsable de Obras e Servizos e moitos dos reparos que fai Intervención, son contratacións que foron feitas e realizadas con motivo de urxencia cando era responsable.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG e a concelleira non adscrita, e votan en contra os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU, e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por once votos, acordou:

Aprobar a conta xeral do Concello de Cambre correspondente ao exercicio económico 2008, nos termos que constan no expediente, integrada pola conta anual do concello e a documentación complementaria legalmente establecida, así como a súa remisión, unha vez aprobada, ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as trece horas e corenta e cinco minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Antonio Varela Saavedra

Verónica María Otero López